

Eleccións Galegas 2024

O NOSO PAPEL NO MUNDO



Propostas das ONGD para a política galega de
cooperación ao desenvolvemento



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

Quen somos?



33
anos de
actividade



42
ONGD con 51 sedes
en Galicia



22
países nos que traballan
as nosas organizacións



400.000
persoas que melloraron
as súas condicións
de vida



25.000
galegos e galegas que
forman, co seu apoio,
a nosa base social



71% e 63%
de persoal contratado e persoas
beneficiadas polos proxectos das
nosas ONGD son mulleres. Tamén o
son o 70% do voluntariado e o 62%
das persoas asociadas

5 PROPOSTAS PARA O FUTURO DA COOPERACIÓN GALEGA

Por un mundo máis xusto e sostible!

1

Seguir avanzando dende o consenso. A política de cooperación segue a ser unha das que máis consenso suma, tal e como amosan os acordos acadados no último ano tanto a nivel estatal coma galego. Ademais seguimos a ser unha das sociedades europeas que máis apoia a solidariedade internacional.

2

Garantir compromisos orzamentarios suficientes e previsibles. Partindo do mínimo dos 9 millóns, establecido no programa 331A de cooperación ao desenvolvemento nos orzamentos xerais da Xunta en 2024, debemos establecer un calendario de crecemento anual que acade de forma progresiva o 0,2% do orzamento consolidado ao final da lexislatura. Isto sen perder de vista a obriga de chegar ao 0,7% de acordo aos compromisos internacionais adquiridos.

3

Reforzar á sociedade civil para facer fronte á onda de autocratización e declive democrático que se vive a nivel global e que afecta con máis intensidade aos países socios da Cooperación Galega. Isto pasa por fomentar a participación en espazos de decisión, reducir a burocratización dos procesos de financiamento e a rigidez dos procedementos, así como por promover liñas específicas de fortalecemento institucional para entidades da sociedade civil.

4

Unha acción humanitaria á altura. Temos que aumentar a capacidade dos actores galegos da cooperación para dar resposta á terrible situación internacional. Para iso debemos dedicar á acción humanitaria polo menos o 20% dos fondos das convocatorias e convenios e facelo prestando especial atención aos grupos especialmente vulnerables: mulleres, infancia, persoas refuxiadas, grupos étnicos etc. Neste eido cómpre poñer especial énfase na educación en emerxencias para asegurar o futuro de nenas e nenos que viven en contextos de crises humanitarias. Ademais, debemos defender máis ca nunca o respecto ao dereito internacional, ao dereito internacional humanitario e a paz fronte a situacións intolerables como a que estamos a vivir en Gaza.

5

Avanzar cara unha Cooperación Galega máis especializada, ampliada e coherente. Froito da madurez e de moitos anos de traballo continuado temos desenvolvido ámbitos de especialización propios nos que achegamos un valor engadido e único (pesca, desenvolvemento rural, hábitat, auga, saneamento, traballo en países lusófonos...).

Aínda así cómpre dar pasos adiante para fortalecer máis as nosas capacidades de traballo dende o enfoque feminista e ecoloxista, xa que son eidos esenciais para promover os cambios estruturais que se precisan á hora de salvagardar ás persoas máis vulnerables. Ao tempo, tamén temos que ser máis ambiciosos e tratar de ampliar o número de actores galegos que participan activamente desta política pública para chegar cada vez máis lonxe (outros departamentos da Xunta, máis entidades locais galegas... Sen esquecer a chamada coherencia de políticas. De pouco vale ter unha Cooperación Galega forte se todo o demais camiña na liña contraria: temos que analizar o comercio de armas, o impacto das actuacións das multinacionais -tamén das galegas- as nosas políticas migratorias, a nosa acción exterior... Nesta liña camiñan tamén os propios Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030.)

1. Avanzar dende o consenso

A política de cooperación ao desenvolvemento é unha das que máis consenso suscita ao seu redor. A nivel estatal o ano pasado viu a luz a Lei 1/2023 de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global co apoio de todos os grupos políticos excepto VOX. Mentres, o xullo pasado, a case totalidade dos grupos políticos PSOE, o Partido Popular, BNG, Sumar, PNV, Esquerra Republicana de Catalunya, CUP, EH-Bildu, Coalición Canaria e Nueva Canarias-Bloque Canarista, asinaron un novo pacto pola defensa da cooperación ao desenvolvemento¹.

Pola nosa banda, en Galicia aprobamos no Parlamento o V Plan Director da Cooperación Galega. O novo Plan foi aprobado sen votos en contra e contou co apoio dos distintos axentes de cooperación. Un consenso que se reflicte tamén na propia cidadanía: seguimos a ser unha das sociedades europeas que máis defende esta política social² As ONG **queremos seguir avanzando dende o acordo social e político.**



2. Garantir compromisos orzamentarios suficientes e previsibles

Débase establecer un calendario de desembolsos para a próxima lexislatura que, **partindo do mínimo dos 9 millóns establecido no programa 331A de cooperación ao desenvolvemento nos orzamentos xerais da Xunta en 2024, marque un crecemento anual que acade de forma progresiva o 0,2% do orzamento consolidado.** A pesar da moderada e positiva recuperación orzamentaria dos últimos anos os compromisos orzamentarios previstos no V Plan Director non son suficientes.



1. <https://coordinadoraongd.org/2023/07/los-principales-partidos-politicos-se-comprometen-con-la-cooperacion/>

2. https://www.congdnabarra.org/wp-content/uploads/2021/05/ebs_512_fact_es_es-1.pdf

Actualmente Galicia destina só 0,06% do seu orzamento consolidado a esta política pública, menos da metade da media do resto de CCAA que está no 0,13%³. Ademais a nova Lei Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global eleva a rango de lei o compromiso de chegar ao 0,7% antes de 2030.

A Cooperación Galega tamén debera **modernizar os instrumentos de axuda**. Para traballar en contextos complexos e cambiantes precisamos de instrumentos de axuda adaptados que nos garantan estabilidade e previsibilidade. Debemos manter as porcentaxes de canalización de axudas a través de convocatorias públicas, xa que é a fórmula máis transparente pero, ademais, debemos dar pasos firmes para incorporar novos mecanismos de financiamento que teñan máis impacto, como os programas: **liñas de axuda que permiten financiar iniciativas a 3/4 anos tanto no eido da cooperación exterior como no eido da Educación para a Cidadanía Global**. Isto só será posible se aumentamos a AOD galega.

3. Reforzar á sociedade civil

Os dereitos están seriamente restrinxidos en 109 países e só o 4% da poboación mundial vive en países onde tales dereitos son amplamente respectados⁴. En 2022 foron asasinados ata 401 defensores de dereitos en 26 países e América Latina segue sendo a rexión máis mortífera do mundo para estas persoas. Os ámbitos de defensa dos dereitos humanos máis atacados foron: o dereito á terra, o medio ambiente e os dereitos dos pobos indíxenas (11%); a liberdade de expresión (10%); o movemento de protesta/liberdade de reunión (9%) e os dereitos das mulleres (7%)⁵.

Froito desta situación Galicia está a punto de poñer en marcha o seu primeiro programa de apoio a activistas e defensoras de dereitos humanos.

Para seguir avanzando neste eido demandamos:

• **Liñas de apoio específicas para o fortalecemento institucional das organizacións da sociedade civil, tanto das ONGD galegas como das nosas entidades socias sobre o terreo**. Unha sociedade civil fortalecida será fundamental para facer fronte a onda de autocratización e declive democrático que se vive a nivel global particularmente nos países socios da Cooperación Galega.



3. Noutras palabras, 3,35 euros por galego e galega ao ano fronte aos 8,42 euros da media. Ocupamos o posto 11 de 17 no ranking de CCAA máis solidarias. Ver informe: <https://coordinadoraongd.org/2023/09/ninguna-comunidad-autonoma-cumple-su-compromiso-con-la-cooperacion/>

4. <https://monitor.civicus.org/facts/>

5. <https://www.frontlinedefenders.org/es/statement-report/human-rights-defenders-show-remarkable-courage-face-attacks-and-killings>

• **A garantía de espazos e tempos axeitados para a participación e reflexión;** ademais de espazos reais de negociación e interlocución entre o goberno e a sociedade civil para manter o consenso arredor desta política pública.

• **A redución da burocracia.** Hai un mínimo común denominador que condena as posibilidades que as ONGD poidan xogar no futuro: a burocratización dos procesos de financiamento e a rixidez de procedementos. Cómpre revisar de forma dialogada como reducir estas cargas. Facelo ao tempo que se manteñen os estándares de transparencia e rendición de contas é posible. Neste sentido Galicia xa é un dos territorios máis avanzados no conxunto do Estado pero temos que seguir avanzando.



4. Construír unha acción humanitaria á altura dos retos actuais

360 millóns de persoas, segundo Nacións Unidas, van precisar de axuda humanitaria para manterse con vida⁶, un 30% máis que en 2022. 222 millóns de nenos e nenas viven actualmente en contextos de crises humanitarias. Se xuntásemos toda esta poboación nun país, este sería o terceiro país máis poboado do mundo.

Responder ás urxencias de diversa índole que suceden no mundo, dun xeito xeneroso pero estruturado, é unha das labores máis esenciais que a Cooperación Galega debería realizar. Para isto temos que:

• **Defender máis ca nunca o respecto ao dereito internacional, o dereito internacional humanitario e a paz.** Fronte a situación en Gaza aquí podes ver ademais as nosas demandas na nota ao pe⁷

• Promover a **canalización de fondos da Acción Humanitaria** a través do tecido asociativo galego, para fortalecelo neste senso, e dedicar a este fin polo menos o 20% dos fondos das convocatorias e convenios. Ao tempo que se traballa a través dos actores locais en terreo en favor da eficacia e sostibilidade da axuda. Debemos, ademais ter presente o nexo entre o humanitario, o desenvolvemento e a paz e resiliencia.

• Priorizar as actuacións baseadas en principios e necesidades humanitarias, prestando **especial atención aos grupos que ven vulnerados os seus dereitos:** mulleres, infancia, persoas refuxiadas, grupos étnicos etc. **As nenas e nenos teñen dereito a seguir tendo acceso á educación.**

6. <https://press.un.org/en/2023/sgsm21852.doc.htm>

7. <https://coordinadoraongd.org/2023/10/israel-y-gaza-mas-de-650-de-organizaciones-espanolas-piden-un-alto-el-fuego-inmediato/>

Estamos nun contexto convulso con crises que se alongan e cada vez máis complexas, crises concatenadas, guerras, desastres naturais... Crises que se calcula están a durar de media ao redor de 9 anos (máis do que supón a educación primaria obrigatoria). Nestes contextos, apostar pola educación é urxente.

A educación en certa medida, cura, protexe, empodera e salva vidas. No medio das bombas, cando a túa casa quedou destruída, sentes a violencia nas rúas, a vida normal queda suspendida. Estudar pode ser unha táboa de salvación e por iso debemos **dedicar o 10% dos fondos da Axuda Humanitaria a educación en emerxencias**.

- **Integrar a visión de xénero** nas intervencións humanitarias e neste sentido poñer en valor e reforzar as organizacións de mulleres e feministas. A súa participación é esencial na atención nas crises, a prevención de conflitos e a construción de paz.

5. Avanzar cara unha Cooperación Galega máis especializada, ampliada e coherente

*Especializada

Froito da madurez e de moitos anos de traballo continuado a Cooperación Galega ten desenvolvido ámbitos de especialización propios nos que achegamos un valor engadido e único: pesca, desenvolvemento rural, traballo en países lusófonos, auga, saneamento, ou hábitat entre moitos outros.

Pero cómpre ampliar estes eidos de especialización para dar solución a problemáticas profundas e estruturais que afectan máis ás persoas máis vulnerables. Para isto debemos:

- **Reforzar o enfoque ecoloxista**. O deterioro ambiental das condicións de vida impactan de forma desigual en función da clase social, sexo, procedencia e capacidades. Os países empobrecidos son os menos responsables da degradación planetaria. Con todo, son á súa vez os máis vulnerables ás súas consecuencias. Temos que abordar a **"xustiza ambiental"** e neste senso fortalecer as capacidades dos actores da cooperación galega para poñer en marcha iniciativas de **mitigación e adaptación** aos efectos de cambio climático e para a recuperación da biodiversidade, a xestión sostible dos recursos naturais e o emprego de tecnoloxías para o ben común.

- **Reforzar o enfoque feminista**. Debemos facer fronte as causas estruturais das desigualdades de xénero desde unha mirada feminista, interseccional e decolonial. Isto pasa por garantir que **as voces das organizacións feministas e de mulleres dos países socios sexan as protagonistas** e que as actuacións da Cooperación Galega se adapten ás súas axendas e prioridades. Ao tempo que tamén reforzamos as capacidades dos actores galegos neste eido.

- **Incentivar o traballo en Países Menos Adiantados e países con IDH Baixo**, que son quen máis o precisan.





*Ampliada

A Cooperación Galega debe dar pasos para chegar cada vez máis lonxe. Para isto propoñemos ampliar o número de actores galegos que participamos desta política pública.

Isto pasa por:

- **Promover unha maior participación das entidades locais galegas.** Actualmente as achegas dos concellos e deputacións Galegas e do propio Fondo Galego de Cooperación representan arredor do 15% do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento Galego, pero aínda queda moito camiño por percorrer para achegarnos ao compromiso solidario doutros territorios do Estado. A Xunta de Galicia debera tamén, como administración con máis experiencia e capacidade, exercer de motor para que as administracións locais avancen neste sentido.

- **Reforzar a presenza da Cooperación Galega no Parlamento** e fomentar visitas dos parlamentarios/as ao terreo para que as ONGD e outros actores da cooperación poidamos poñer en valor o noso traballo.

- **Fomentar o contacto dos responsables políticos**

co a realidade sobre o terreo. Na última lexislatura o Vicepresidente da Xunta visitou anualmente os proxectos sobre o terreo das ONGD galegas, o que nos parece unha moi boa práctica que se debera manter e ampliar a máis responsables políticos. Tamén se debería estimular a participación do funcionariado e persoal laboral da Xunta no eido da cooperación técnica.

- Incorporar **aportes** económicos, materiais e humanos **doutros departamentos da Xunta de Galicia** que acheguen valor engadido e especializado.

- Explorar as posibilidades de **colaboración coa cooperación portuguesa.**

- **Reforzar a comunicación externa** da Cooperación Galega.

*Coherente

O enfoque da coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible debe estar no corazón da implementación da Axenda 2030 e tamén nosa acción exterior.

Para isto propoñemos:

- Avaliar a **coherencia de políticas na Estratexia Galega de Acción Exterior**. Do mesmo xeito que a Estratexia avalía o impacto por razón de xénero das medidas e accións previstas debera incorporase tamén a avaliación do seu compromiso co desenvolvemento humano sostible, en liña coa coherencia de políticas demandada pola Axenda 2030.

- Traballar na liña da **debida dilixencia das empresas**. Debérase garantir a concordancia das accións encamiñadas a fomentar o comercio exterior e a internacionalización das empresas galegas cos Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos. Neste sentido cómpre destacar o acordo político acadado recentemente para ter unha Directiva Europea de Devida Dilixencia. Este acordo, aínda que insuficiente para as organizacións sociais que levamos anos demandándoo, é un punto de inflexión porque supón que as grandes empresas terán que render contas sobre os seus impactos nos dereitos humanos e o medio ambiente canto actúen en Europa ou terceiros países⁸.



8. <https://coordinadoraongd.org/2023/12/acuerdo-sobre-la-directiva-europea-de-debida-diligencia-un-paso-insuficiente-para-frenar-la-impunidad-empresarial/>

O MUNDO PRECISA DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL MÁIS CA NUNCA

As ONGD estamos superadas pola situación internacional. Temos compañeiras e compañeiros sobre o terreo en condicións insoportables, arriscando as súas propias vidas como en Gaza⁹ ou sendo acosados, perseguidos e incluso asasinados¹⁰ por defender os dereitos humanos, como ocorre con ONG e activistas cos que colaboramos, no medio do crecente auxe dos autoritarismos en América Latina. As emerxencias son moitas: falamos de Ucraína, de Palestina pero tamén doutras situacións de extrema gravidade como as que se viven en Afganistán, Siria, Somalia, Sudán, Etiopía, República Democrática do Congo ou Sáhara e que non están nos focos mediáticos.

Hai millóns de persoas tratando de sobrevivir que precisan de apoio internacional:

- Recibimos centos de persoas nas nosas costas porque 114¹¹ millóns tiveron que abandonar os seus fogares por mor fundamentalmente dos conflitos e os fenómenos climáticos, o que xa é un novo récord histórico.
- 360 millóns de persoas segundo Nacións Unidas¹² van precisar de axuda humanitaria para manterse con vida, un 30% máis que en 2022.
- O Programa Mundial de Alimentos¹³ alerta dunha crise alimentaria de proporcións nunca antes vista. Unhas 783 millóns de persoas padecen fame crónica neste momento.

Son cifras pero detrás de cada unha delas hai nomes e apelidos: os das persoas máis vulnerables do planeta.

9. <https://news.un.org/es/story/2023/10/1525112>

10. <https://www.frontlinedefenders.org/es/statement-report/human-rights-defenders-show-remarkable-courage-face-attacks-and-killin>

11. <https://www.acnur.org/es-es/noticias/comunicados-de-prensa/acnur-el-desplazamiento-forzado-continua-creciendo-por-la-escalada>

12. <https://www.google.com/url?q=https://press.un.org/en/2023/sgsm21852.doc.htm&sa=D&source=docs&ust=1703768480649585&usg=AOvVaw1zI3N3LYJMpJ9h4NMYQSei>

13. <https://es.wfp.org/crisis-alimentaria-mundial>

Nunca foi máis necesario cooperar

Como dicía Lynn Margulis, a brillante bióloga que tanto tivo que loitar por defender as súas teorías, “a vida é unha unión simbiótica e cooperativa que permite triunfar aos que se asocian”.

Parece difícil discutir que estamos ante unha situación de crises múltiples (social, política e económica) e superpostas provocadas por un modelo que non é compatible coa vida no planeta. A desigualdade, que acadou cifras históricas¹⁴, entrelázase coa emerxencia climática: o 10% da poboación mundial posúe o 76% da riqueza e é responsable do 48% das emisións de CO2. E son as persoas máis vulnerables quen máis sofren. O 85% das persoas extremadamente pobres e que viven en países empobrecidos fano precisamente nas áreas rurais: as máis sensibles ao cambio climático, ao extractivismo e aos mercados globais de alimentos.

Tamén parece difícil discutir que ningunha destas complexas crises poderá ser resolta sen a cooperación internacional. Nun mundo globalizado e complexo xa non podemos responder pechando fronteiras ou levantado muros. Os problemas, os actores, os campos de xogo económicos ou políticos transnacionalizáronse. Precisamos de alianzas, de gobernanza global, de pactos internacionais pola fiscalidade, polo clima e tamén - sobre todo- pola xustiza e defensa dos dereitos humanos.

Neste eido a Cooperación Galega, a política galega de cooperación ao desenvolvemento, deben ocupar un lugar central.

*Galicia decide o 18 de febreiro tamén
que papel quere xogar no mundo*

14. <https://www.oxfam.org/es/informes/las-desigualdades-matan>

CONTACTO

COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO

Rodríguez de Viguri, nº6 1 - Santiago de Compostela

618 626 627

proxectos@galiciasolidaria.org